



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 29/11/2008.

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. José Romero Ledo.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día vintenove de novembro de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iniciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de novembro do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. ACORDOS SOBRE A PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO P.O.S. 2009.

Dase conta do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo. O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello..

Toma a palabra o Sr. López Gudín, para explicar brevemente o contido dos proxectos das obras propostas polo grupo de goberno. Interven de seguido o Sr. Bedoya, que comeza protestando pola falta de tempo para unha posible participación do seu grupo na determinación do contido do Plan que sa vai aprobar. Di que o seu grupo está de acordo con algunhas das obras incluídas nos catro proxectos que se presentan, concretamente na ponte do Batán, a pista de Campolabrado, ou o peche da área deportiva de Corrás, pero non noutras, e que como van mesturadas nos proxectos,



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

facendo imposible un voto independente por cada obra, terán que votar en contra da proposta no seu conxunto, como xa indicara o Sr. Gudín na comisión informativa correspondente. Critica que as obras a incluír son como as do ano pasado e os anteriores, asfalto sobre asfalto, a pesar de que o BNG prometía un plan de infraestruturas aínda inexistente. Di tamén que a obra prevista na pista do Inxerto é insuficiente e que ten dúbidas sobre a disponibilidad dos terreos precisos para a súa execución, e pregunta se o Concello ten xa a necesaria autorización de Augas de Galicia para a obra da ponte do Batán. Di que faltan moitas cousas por facer, pero que estas obras non son as de maior prioridade segundo o criterio do seu grupo, que ademáis non se conta para nada con eles, que é a primeira vez que se convoca o pleno para aprobar as obras do POS o último día do prazo para a súa presentación e sen tempo para modificacións, e que moito falar de democracia desde a oposición pero agora no goberno faise todo o contrario.

O Sr. Márquez interven brevemente de seguido para dicir que manterá o voto favorable que xa deu na comisión informativa, que é certo que hai moitas carencias e necesidades no Concello, pero que entende que as obras propostas son necesarias, e que en gran medida son estritamente democráticas porque responden ás demandas directas dos veciños.

O Sr. Alcalde fala de seguido, comezando por preguntarse porqué lle parece mal ó PP que se siga a facer o mesmo que cando eles gobernaban, e afirmar que cada un dos concelleiros tivo a oportunidade de participar no proceso de selección das obras o mesmo que os veciños, facendo propostas no marco do orzamento participativo, que é a primeira vez que os proxectos poden ser fotocopiados libremente por tódolos concelleiros e que sempre é discutible a prioridade de cada actuación, puntualizando que a pista de Campolabrado non é do POS e xa está en execución. Respecto ó plan de infraestruturas, di que xa está en fase de redacción para deseñar o saneamento de todo o término municipal, e non ter que desfacer despois actuacións afectadas pola instalación dese servizo, e que as obras deste POS realizaranse en zonas cos servizos urbanísticos xa feitos. Sobre a disponibilidad dos terreos, di que está resolta, e que se obterán por suposto as autorizacións precisas, lembrando finalmente que o voto á proposta é indivisible, non pode ser en parte si e en parte non, e que o seu grupo sempre apoiou estas propostas desde a oposición, aínda que se fíxesen nos últimos días do prazo.

O Sr. Bedoya toma a palabra novamente para dicir que se trata efectivamente dunha cuestión de prioridades, pero que non se elixiron as mellores obras, e que polo referido ó orzamento participativo, é unha iniciativa de carácter asambleario, moi do estilo do BNG, pero na que non participaron a maioría dos veciños, que resulta ffacilmente manipulable, coa que soamente se investirán uns 100.000 Euros e na que a empresa que fixo o estudo levará máis cartos que algunhas parroquias. Insiste en que nunca se aprobaron as obras do POS o último día do prazo e en que aínda que algunhas das obras propostas lles parecen positivas, votarán en contra por tratarse de proxectos pechados e porque non se lles deu participación algunha na decisión. O Sr. Alcalde pide que indiquen cales son as obras coas que non están de acordo, e o Sr. Bedoya responde que xa dixo as que lles parecen aceptables.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco votos contrarios, dos do PP, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009, no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2009, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado +	Concello	Importe
----------------------	----------	----------	---------



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

	Deputación		total €
Ponte sobre o regato do Batán e pavimentación de pistas do Pico (Naraío)	40.633,79	2.138,62	42.772,41
Pavimentación de pista na Lobeira e pavimentación da pista da Esperanza á Lobeira (Sta. Mariña do Monte)	53.579,23	2.819,96	56.399,19
Pavimentación e ancheamento da pista do Inxerto (San Sadurniño)	54.485	2.867,63	57.352,63
Abastecemento e melloras do firme en pistas de Cornide e peche perimetral da zona deportiva de Corrás	50.410,04	2.653,17	53.063,21
TOTAIS	199.108,06	10.479,38	209.587,44

2º.- Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2009 e que se relacionan no punto anterior.

3º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación do Plan Complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no Plan do que se trata.

4º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes necesarias para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2009 as cantidades necesarias para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2009.

6º.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras e adquisición, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

7º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

TERCEIRO. APROBACIÓN DO PRESUPOSTO DO CONCELLO PARA 2009.

Dase conta do proxecto de Presuposto do Concello para 2009, dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello. Fai uso da palabra o concelleiro de facenda, Sr. Soto, para manifestar que se trata dun proxecto ambicioso e histórico pola súa contía, superior por primeira vez ós tres millóns de euros, pero realizable e realista ademais de estricto co control da xestión. Di que incrementa as consignacións un 20% respecto ó 2008, e que se fundamenta en tres principios básicos: en primeiro lugar, un incremento do gasto en persoal, pola reasignación de niveis a varios funcionarios e a promoción interna doutro, con conxelación das retribucións dos cargos políticos con dedicación, así como pola normalización e reaxuste das retribucións de parte do persoal laboral; en segundo lugar, un importante incremento do esforzo inversor, ata chegar á cantidade de 1.229.000 €, a metade a executar en plans de investimento da Deputación Provincial, incluíndo tamén a rehabilitación da escola de Seara, a construción dun ximnasio, a ampliación da rede "wimax" e outras, e en terceiro lugar, a contención do gasto corrente, que se incrementa soamente nun 5%, polo maior control deste tipo de gastos. Trátase dun presuposto realista, e susceptible incluso dalgunha ampliación por maiores ingresos.

Toma a palabra seguidamente o Sr. Bedoya, que manifesta a protesta do seu grupo polo feito de que ata hai tres días, o seu grupo non tiña coñecemento do contido do presuposto, e porque non se facilitase información algunha antes de acudir á comisión informativa, o que califica de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

impresentable, cuestionando o carácter democrático ou participativo desta proposta, e lembrando que cando o BNG estaba na oposición, sempre se informou do presuposto con tempo suficiente para modificacións pactadas, de xeito que nalgunha ocasión, o BNG aínda abstivérase na votación. Sinala que non se pode calificar de histórico, xa que cada ano adoita ser o de maior presuposto, como é lóxico e foi sempre. Di que non é creíble a suposta contención do gasto corrente, que o mesmo se dixo para o 2008 e despois fíxose unha operación de incremento deses gastos que se trata dun orzamento super inflado e que probablemente se voltará contra quen o fíxo, porque crea unha falsa imaxe de disponibilidad de recursos. Di que o incremento do capítulo 1 foi enorme nestes dous últimos exercicios, e que non se pode atribuir a boa xestión o incremento das transferencias correntes en favor do Concello, porque son incrementos normais cada ano. Di que hai unha nova suba do 10% no Imposto de Bens Inmóveis e que a suposta innovación do orzamento participativo tamén está a ser aplicada noutros concellos nacionalistas, como un xeito de xustificar as decisións nunha suposta participación veciñal, que na realidade é escasa. Di que a documentación preséntase cun novo logo do Concello, que non sabe canto vai costar, e insiste no excesivo gasto en persoal, e na insuficiencia da consignación en gasto corrente. Sinala ademais que hai numerosas inconcrecións na explicación dos gastos e dos ingresos, que se reflicten soamente como outros ingresos ou gastos. Pregunta polo investimento comprometido na escola de Silvalonga, que non aparece no anexo de investimentos, e di que certamente as consellerías do BNG están a facer un esforzo con San Sadurniño, pero empregando mal os cartos.

O Sr. Márquez interven de seguido para dicir que cre que se trata dun presuposto positivo para o Concello, pola tendencia á autosuficiencia na financiación dos servizos básicos e polo importante incremento dos investimentos, sinalando que o debate lle parece triste, cando se trata do instrumento máis importante para o Concello, e debería enfocarse con máis ledicia e humor. Puntualiza tamén que as iniciativas do grupo do goberno non son unicamente do BNG, e que en temas como os orzamentos participativos tamén houbera unha intervención do grupo do PSOE, ó que pertence e que forma parte do goberno local.

Fai uso da palabra novamente o Sr. Soto, para dicir que a documentación necesaria estaba a disposición dos concelleiros segundo establece o artigo 84 do Regulamento de Organización, pero que o representante do PP na comisión informativa competente non a consultou, e o Concello non ten a obriga de levar papeis a casa de ninguén. Respecto ó incremento do gasto en persoal, di que hai postos de traballo novos e que o seu grupo está a favor da promoción profesional e da mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal, pedindo ó PP que diga si está ou non de acordo con estes prantexamentos. Sobre o IBI, di que soamente se están a facer novas altas de edificacións e rectificacións puntuais de valoracións, e que na cuestión impositiva, trátase de que tódolos veciños sexan iguais e paguen as taxas que corresponden ós servizos que reciben, sen exencións por amiguismo. En relación co orzamento participativo, lamenta que se quera negar ós veciños a participación no proceso, sen intervir tampouco no mesmo o propio PP. Di tamén o Sr. Soto que as partidas xenéricas tamén existían en exercicios anteriores, e agora teñen importes inferiores, e que o maior incremento percentual neste orzamento está nas partidas de intereses e amortizacións, polo crédito asinado polo anterior goberno, que haberá que pagar ata o 2027.

O Sr. Bedoya interven de novo para responder ó Sr. Márquez que os tempos non están para moita alegría no económico, sobre todo para os concellos, e dicir que a documentación completa do orzamento non estaba disponible desde a data da convocatoria, como comprobou persoalmente e que as assembleas do proxecto de presuposto participativo non son o lugar oportuno para a intervención do seu grupo, ademais de que seguen pensando que se trata dun tema soamente mediático e cunha participación popular moi limitada, innecesario e cun custo moi elevado do que



non se quere informar. Segue a dicir que cando gobernaba o PP admitíronse en debates presupostarios enmendadas do BNG que tiña soamente dous concelleiros, mentres que agora nin sequeira se escoita ós cinco concelleiros do PP, representantes da lista máis votada, e que a democracia tamén é para cando se goberna, non soamente para cando se está na oposición. Remata repetindo que este orzamento non é máis histórico que calquera dos anteriores, que o gasto corrente previsto non é real e que o presuposto está inflado, que ó seu grupo lle parecen moi ben as melloras retributivas para o persoal do Concello, que ven realizando un bo traballo, tanto antes como agora, pero que os cartos de máis non van adicados a eso.

Fala de seguido o Sr. Varela, para dicir que o tema do orzamento participativo ven da aprobación dunha Axenda 21 Local cando gobernaba o PP, que despois non desenvolveu o seu contido. Di tamén que se trata dunha iniciativa de EuroEume dirixida en principio a tódolos concellos do seu ámbito e financiada ó 50%, aínda que soamente San Sadurniño levou esa iniciativa ata o final; que os veciños tiveron oportunidade de participar en todo o proceso e que as actuacións incorporadas ó orzamento decidíronse democráticamente.

Fala de seguido o Sr. Alcalde, para solicitar ó Sr. Bedoya, ó que aprecia e considera importante para este Concello, un retiro digno, sen tratar de morrer matando, lembrándolle o mal que está mentir. Di que non se ten incrementado o tipo do IBI, aínda que no plan de saneamento financeiro aprobado polo PP se prevía esa posibilidade, porque o grupo de goberno entende que se pode mellorar a recadación sen variación de tipos. Di que o orzamento é un documento político, non contable, e que a maioría das previsións de ingresos por transferencias de capital están confirmadas, e nas transferencias correntes hai tamén boas expectativas. Sinala que o nivel de detalle do orzamento presentado este ano é moi superior ó dos anteriores, e que a contención do gasto ven imposta polo vixente plan de saneamento. Respecto ó estudo de imaxe corporativa, di que dos 10.000 Euros consignados para o 2008, soamente se gastaron 4.500 neste, e que se as grandes empresas o fan, será por algunha razón, ademáis de que foi financiado pola Xunta no ámbito da normalización lingüística.

O Sr. Bedoya interven brevemente para respostar que o Sr. Alcalde non debe preocuparse polo seu futuro político, e transmitirle o seu desexo de que non morra de éxito, xa que pouco a pouco irá aprendendo a facer as cousas ben.

Sometida finalmente a votación ordinaria a aprobación do proxecto de presuposto para 2009, nos mesmos termos nos que foi redactado e dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e do do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Presuposto deste Concello para o ano 2009, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de TRES MILLÓNS SESENTA E TRES MIL CATROCIENTOS SETENTA E UN EUROS (3.063.471), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
Cap. 1- Impostos directos	529.000
Cap. 2- Impostos indirectos	40.000
Cap. 3- Tasas e outros ingresos	190.000
Cap. 4- Transferencias correntes	1.129.271
Cap 5- Ingresos patrimoniais	21.000



OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Alleamento de investimentos reais	100
Cap. 7- Transferencias de capital	1.154.000
Cap. 9- Pasivos financeiros	100
TOTAL	3.063.471
GASTOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
Cap. 1- Gastos de persoal	1.006.000
Cap 2- Gastos en bens correntes e de servizos	738.471
Cap. 3- Gastos financeiros	16.000
Cap. 4- Transferencias correntes	53.500
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Investimentos reais	1.229.500
Cap. 7- Transferencias de capital	4.000
Cap. 9- Pasivos financeiros	16.000
TOTAL	3.063.471

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito Presuposto.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Presuposto, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presupuesto, unha vez aprobado definitivamente, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO. ACORDOS SOBRE CESIÓN DO EDIFICIO DO CENTRO DE SAÚDE E PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA.

Dase conta da comunicación recibida da Federación Galega de Municipios e Provincias en relación coa asunción polo Servizo Galego de Saúde dos gastos derivados do mantemento de Centros de Saúde, especialmente os que funcionan como Puntos de Atención Continuada, como é o caso do deste Concello, e da necesidade de transmitir a ese Servizo a titularidade do edificio no que ven funcionando o Centro de Saúde e PAC de que se trata. O edificio está incluído no Inventario Municipal de Bens do Concello, como finca urbana nº 2, ben de dominio público e de servizo público, polo que debe ser desafectado con carácter previo á súa cesión. Dase conta tamén do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a cesión de que se trata que, segundo informa o Sr. Secretario-Interventor, requiren maioría absoluta do número legal de



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

membros da Corporación. O expediente foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Tras unha breve explicación do Sr. Alcalde, os portavoces dos grupos políticos manifestan a súa conformidade co contido dos acordos a adoptar.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos nesta sesión, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica do ben inmovible nº 2 do Inventario Municipal de Bens do Concello, edificio denominado "Centro de Saúde", cambiando a súa calificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

2º.- Anunciar o presente acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante ese período poidan presentarse as alegacións que se estimen pertinentes, considerando este acordo como definitivo, se non se presentan alegacións en prazo.

4º.- Realizar o acto de recepción formal do ben inmovible desafectado, de conformidade co establecido no artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

5º.- Iniciar expediente para ceder gratuitamente o edificio de que se trata ó Servizo Galego de Saúde, cesión que se manterá vixente mentres o edificio conserve a súa adscripción á prestación do servizo público de titularidade da Xunta de Galicia de Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada, e sometendo expresamente esta cesión a condición resolutoria en caso de que se produza calquera cambio de uso.

6º.- Anunciar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de vinte días, contados desde o seguinte ó de finalización do prazo anteriormente indicado, para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, considerando este acordo como definitivo, se non se presentan alegacións en prazo.

7º.- Cando os presentes acordos sexan definitivos, reflectir na primeira rectificación do Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica deste edificio e a súa cesión ó Servizo Galego de Saúde, e solicitar ó Rexistro da Propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asientos ou as anotacións rexistradas necesarias.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e tres minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,